



Sr. Alcalde do Concello das Pontes

Clave: DH.A15.62752

Expediente: Concesión dun caudal de 1.930,85 m³/ano, procedente da cabeceira do rego de Tras da Serra, no lugar de Sucadío, parroquia de O Freixo (San Xoán), no concello das Pontes de García Rodríguez, con destino a abastecemento da poboación

Solicitante: Concello das Pontes

Asunto: Información pública

Achégolle xunto con este escrito o anuncio de Información Pública da solicitude presentada por Concello das Pontes para a súa exposición ó público no taboleiro de anuncios dese concello por un prazo de **vinte (20) días naturais**, contados a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e a admisión de reclamacións durante o mesmo periodo.

Ó mesmo tempo solicítolle que pasado o prazo de exposición ó público dispoña a remisión a este Servizo Territorial de Augas de Galicia do citado anuncio acompañado da certificación da exposición na que se deberá facer constar se houbo ou non reclamacións.

Asinado dixitalmente na Coruña

O xefe do servizo territorial

Néstor Rodríguez Arias



Xacobeo 21-22





SERVIZO TERRITORIAL DE AUGAS DE GALICIA

INFORMACIÓN PÚBLICA

ANUNCIO

O Concello das Pontes de García Rodríguez, CIF: Q1500378C, solicita de Augas de Galicia un caudal de 1.930,85 m³/ano de augas procedente da cabeceira do rego de Tras da Serra, na parroquia de Samede (San Mamede), no t.m. das Pontes de García Rodríguez, con destino a abastecemento de poboación. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o artigo 109 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.A15.62752

As características do aproveitamento son:

SOLICITANTE:	Concello das Pontes
CAUDAL:	0,0612 litros/segundo
DESTINO:	Abastecemento de poboación
ORIXE:	Rego de Tras da Serra (idcurso 1003773368)
LUGAR:	Parcela catastral 15071A014007960000YO
PARROQUIA:	Samede (San Mamede)
CONCELLO:	As Pontes de García Rodríguez

Descrición:

As augas captaranse mediante un pozo a base de aneis prefabricados en formigón dispostos na cabeceira do rego de Tras da Serra, ao seu paso pola parcela con referencia catastral 15071A014007960000YO (parcela nº 796 do polígono nº 14), complementado coa construción dun azude en formigón, para logo ser conducidas mediante tubo de polietileno PE 63 mm (diámetro nominal) a un depósito de plástico reforzado con fibra de vidro de 10.000 litros de capacidade situado na dita parcela e destino final aos puntos de uso no lugar de Sucadío, parroquia do Freixo (San Xoán).

Correntes fluviais atravesadas pola conducción:

- Rego de Tras da Serra (idcurso 1003773368).
- Rego de Abeledo (idcurso 10037733688).

O paso realizarase mediante grampado ás obras de drenaxe transversal existentes sobre os regos, fixándose mediante taladros e abrazadeiras un tubo de PVC liso 125 mm que protexerá á conducción de polietileno PE 63 mm (diámetro nominal).





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

AUGAS DE GALICIA

Zona Hidrográfica de Galicia-Norte

R/ Vicente Ferrer 2, 9º andar
15008 A Coruña
Telf: 981 182 530
Fax: 981 182 532



Parcelas atravesadas pola condución PE ϕ 63 mm:

- Do polígono nº 14: nº 796, 798, 799, 755, 758, 753, 752, 751, 750, 749, 746, 743, 740, 739, 738, 737, 736, 735, 221, 236, 237, 245, 9001 (camiño).
- Do polígono nº 12; nº 404, 405, 403, 9003 (camiño), 9004 (camiño), 9001 (camiño), 9007 (camiño).

Elementos singulares:

- Na parcela nº 796 do polígono nº 14: Boca de rega, depósito, estación cloradora, contador de auga e válvula de comporta.
- Na parcela nº 752 do polígono nº 14: Válvula reductora de presión.
- Na parcela 9003 do polígono nº 12 (camiño): Válvula de comporta.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinete (20) días naturais** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de As Pontes de García Rodríguez ou nas oficinas deste servizo onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe, previa cita no enderezo electrónico dgn.augas@xunta.gal.

A Coruña, 09 de novembro de 2021

O xefe do servizo territorial (sinatura dixital)

Néstor Rodríguez Arias



Xacobeo 21-22

Nota: Solicítase que nos escritos dirixidos a este organismo relacionados co expediente citen a clave.

